

**Ramón Arce**

Área de Psicoloxía Social.  
Universidade de Santiago

**Francisca Fariña**

Área de Psicoloxía Básica.  
Universidade de Vigo

**Mercedes Novo**

Área de Psicoloxía Social.  
Universidade de Santiago

## AVALIACIÓN DA COMPETENCIA DOS XURADOS e aportacións procesuais DESDE A PSICOLOXÍA Ó XURADO

### Resumo

Dous dos tópicos nos que aparecen indefectiblemente ligados as aportacións claves da psicoloxía ó xurado son a avaliación da competencia destes e dos desenvolvementos procesuais. Desde antano achacouse ó xurado certa incompetencia no desenvolvemento do seu labor legal na Administración de xustiza. Neste sentido, só ata moi recentemente, non se xeneralizou a toda a poboación o dereito de ser un xurado sobre a base de que algúns estratos sociais non estaban capacitados. As probas científicas sobre a capacitación ou non do xurado proveñen da psicoloxía, mostrando unha boa aptitude en casos penais pero non en civís. Sobre o dereito procesual que afecta os xurados, foron nos anos 70 cando se consolidou, especialmente a través do manexo dos achados de Kalven e Zeisel (1966), facéndose despois extensivo a outros aspectos procesuais nos que non estaban directamente implicados os xurados (Loh, 1981). Estas aportacións extra-forenses contribuíron moito a que a psicoloxía teña, hoxe en día, un peso forense moi elevado. No presente artigo revísanse e coméntanse ámbolos dous aspectos introducindo investigacións propias dos autores.

### 1. Avaliación da competencia dos xurados

Achácanse en moitas ocasións ó xurado a incapacidade, ineptitude, e a falta de preparación para exercer-la función que lle é encomendada como membro do aparello xudicial. É dicir, sinalóuselle como incompetente (véxase, por exemplo, Soriano, 1985) e ese elemento usouse para xustificar que non se estableza o xurado o que, en todo caso, sexa de escabinos. Non embargante, a investigación sistemática nesta dirección non parece chegar ás mesmas conclusións. Neste sentido, Kalven e Zeisel (1966) clasificaron, en función da opinión modal de xuíces, casos xa xulgados por xurados en fáciles, difíciles e moi difíciles. Se o xurado fose incompetente, as diverxencias en canto ó veredicto entre xuíces e xurados deberían darse nos casos difíciles e, sobre todo, nos moi difíciles. Os datos, polo contrario, sinalan que as discrepancias se dan por igual nas tres condicións. Polo tanto, non se pode concluir que o xurado non comprenda a evidencia presentada. Nun intento posterior de repeti-los traballos de Kalven e Zeisel, Baldwin e McConville (1979) advertiron que os xuíces, nalgúns ocasións, entendían que o xurado apli-

case "o xusto" na vez de "o legal". Estes resultados tamén foron confirmados por Myers (1979) quen observou, tras estudar nos arquivos de Indiana 201 casos penais, que os Xurados raramente se apartaban da lei e non o facían por incompetencia senón para segui-las súas percepcións do que era "xusto e correcto". Nunha liña explicativa complementaria, MacCoun e Kerr (1988) demostraron que xuíces e xurados difiren en que os xuíces se decantan pola culpabilidade en casos de dúbida razoable mentres os xurados fano pola inocencia.

Nunha aproximación máis sutil á incompetencia dos xurados, Hastie, Penrod e Pennington (1983), traballando con xurados simulados, sinalaron que o recordo dos xurados individuais non era sempre o óptimo, pero en grupo lembraban perfectamente o 90% da evidencia (entre ela a central) e o 80% das instrucións (tratábase de instrucións moi complexas). Estes resultados foron consecuentemente matizados, en tanto en canto se circunscriben a determinadas condicións, unanimidade e tamaños grandes (Vila, 1996; Arce, Fariña, Vila e Real, 1996a). É dicir, o grupo pode cumprir perfectamente a tarefa.

Pero ¿segue o xurado a lei ou o non acatamento (Jury Nullification) constitúese no anecdótico?. Transcenderon diferentes casos nos que o xurado non aplica o legal para aplicar "o xusto". Un deles é o caso de Jane Stafford (tomado de Hans e Vidmar, 1986) acusada de asasina-lo seu home en 1982. As probas eran claras e incluso a Sra. Stafford admitiu os feitos. Non obstante, durante o xuízo saíron a relucir diversas condutas do Sr. Stafford que poderían inducir ó asasinato: maltratara as súas dúas anteriores mulleres, a varios nenos, ó pai da acusada, e a ela mesma durante cinco anos. Tamén presen-

taba desviacións sexuais: sadismo, e obrigara a manter relacións sexuais á Sra. Stafford cun can. Era tal o cúmulo de antecedentes desta persoa que a policía local tiña instrucións de que no caso de ter que acudir a súa casa, por algún aviso, fosen armados e listos para disparar. Non obstante, a Sra. Stafford o matara. Os cargos eran de homicidio en primeiro grao -*first degree murder*- e a defensa solicitou un veredicto de homicidio simple -*manslaughter*. Para sorpresa xeral o xurado declarou á Sra. Stafford inocente. Este sería un caso claro de transgresión da lei. ¿Faría un profesional o mesmo? Difícilmente. ¿É xusto ó veredicto?. Deixando á marxe estes casos anecdóticos, o xurado segue as instrucións legais. Nesta liña, Horowitz (1985), nun traballo experimental, atopou que incluso dándolle ós xurados instrucións nas que se lles informa de que podían non aplicar a lei se esta non era xusta, só nalgúns casos (p.e., eutanasia) parecía que os xurados non as seguían. Pero se esas instrucións non lle eran proporcionadas, aplicaban os preceptos legais.

**(...) MacCoun e Kerr (1988) demostraron que xuíces e xurados difiren en que os xuíces se decantan pola culpabilidade en casos de dúbida razoable mentres os xurados fano pola inocencia.**

En suma, o xurado segue xeralmente os preceptos legais, dos que se aparta excepcionalmente nos que poderían etiquetarse como casos de "conciencia social".

Onde si se atoparon algúns resultados que poderían servir como validadores desa acusación de incompetencia é na comprensión das instrucións<sup>1</sup> (Hans e Vidmar, 1986). Es-

<sup>1</sup> O xuíz instrúe ós xurados sobre cal é a tarefa que deben acometer durante a deliberación e que procedemento deberían seguir para chegar a un veredicto. O procedemento empregado polos xuíces pode incluí-lo seguinte: a) instruí-los xurados no que o acusado é inocente ata que se demostre o contrario e que a carga da proba está na acusación; b) instruí-los xurados sobre o que a súa tarefa é

pecialmente relevantes son as "instrucións sobre presunción".

Nun estudio encamiñado a coñecer-lo seguimento destas instrucións polos xurados, Schmolesky, Cutler e Penrod (1988) atoparon que os xurados podían chegar a veredictos inaceptables legalmente (8%), e un 18% de nulificacións (é dicir, veredictos de inocencia onde o correcto era a culpabilidade). Sinxelamente ocorre que, nalgúnhas ocasións, tal como sinalou o xuíz Frank (Skidmore v. Baltimore e Ohio, 1949) os xurados non comprenden a lei porque nin sequera moitos avogados poderían facelo. Pero cando estas instrucións legais foron "traducidas", os xurados executaron conforme ó esperado (Elwork, Sales e Alfini, 1977; Charrow e Charrow, 1979). Aquí en España, a falta de comprensión ou explicación dos termos nos que deben decidi-los xurados, estase amosando como a principal fonte de problemas. É, polo tanto, necesaria unha tradución destes conceptos a expresións cotiás. Pola súa parte, a literatura acerca das instrucións sobre evidencia inadmisíbel advirte maioritariamente,

determina-los feitos sobre a base das probas; c) instrucións sobre o que pode considerarse como proba (o testemuño directo das testemuñas, observacións das testemuñas, inferencias razoables dibuxables a partir das testemuñas, os xurados son instruídos sobre certas cousas que poden non ser consideradas como probas admisíbeis tales como certas frases ou cuestións formuladas polos avogados e a raza ou antecedentes do acusado); d) instrucións como avalía-la credibilidade da testemuña tales como a oportunidade da testemuña, contradicións no testemuño; e) instrucións sobre o que constitúe unha inferencia razoable en oposición a unha mera especulación; e f) instrucións sobre o significado e aplicación do criterio de decisión á hora de avalía-la veracidade das alegacións. A segunda parte das instrucións dos xuíces proporciona definicións do conxunto completo de veredictos entre os que os xurados deben elixir. Cada veredicto debe ser considerado como unha categoría con certas características que se establecen en correspondencia coa identidade, o intento e as accións do acusado.

aínda que non sempre, da súa inefectividade (*verbi gratia*, Thompson, Fong e Rosenham, 1981; O'Barr e Lind, 1981; Arce, Sacau e Fariña, 1995). Por exemplo, a publicidade previa a un xuízo pode afecta-la obxectividade de actuación neste superando, baixo determinadas circunstancias, os mecanismos legais establecidos para o seu control, tales como instrucións xudiciais, e deliberación (Kramer, Kerr e Carroll, 1990). Tamén son de pouca eficacia as instrucións xudiciais aclaratorias (*pattern instructions*), especialmente nos casos de complexidade legal (p.e., credibilidade de testemuñas) (Heuer e Penrod, 1994).

Aínda que en moitos países o ámbito de actuación do xurado se circunscribe a casos penais e a partir dun certo *quantum* na pena, isto é, eliminanse os casos bagatela para evitar que o xurado estea, xulgando casos de nulo interese, noutros tamén entenden sobre casos civís. Algúns destes casos civís (por exemplo, litixios entre grandes compañías) adquiren tal complexidade que resultan moi difíciles de seguir, incluso para técnicos, polo que se fai aconsellable que nalgúns casos civís complexos o xurado non actúe (Ross v. Bernhard, 1970). Os xuíces británicos, nestas ocasións, están capacitados para eliminar certos casos do ámbito de actuación do xurado (Kirst, 1982). Non obstante, nos casos civís ordinarios, a maioría, a execución do xurado explicase pola evidencia e a deliberación (Walter, 1987). En España, segundo a exposición de motivos da Lei orgánica de 1995 "seleccionáronse aqueles delitos nos que a acción típica carece de excesiva complexidade"<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> No artigo 1 especificanse os delitos contra a vida humana; delitos cometidos polos funcionarios no exercicio dos seus cargos; delitos contra a honra; os delitos de omisión de deber de socorro, os delitos contra a intimidade e o domicilio, os delitos contra a liberdade e os delitos contra o medio ambiente.

Fronte a esta opción de "apartar" os xurados de casos civís complexos, propuxéronse certas reformas para mellora-la execución do xurado nestas situacións: a) reestrutura-los casos (p.e., eliminar partes, separa-las causas, ou o uso de veredictos especiais), b) reestrutura-los xurados (seleccionar só xurados dun certo nivel educativo, aumenta-lo seu tamaño e permitir decisións maioritarias, e, no dereito continental europeo, a constitución de xurados mixtos de xuíces e leigos, é dicir, xurados de escabinos), e c) as técnicas de manexo do caso (*ad exemplum*, que os xuíces resuman ou comenten a evidencia, permiti-los xurados tomar notas e preguntar ás testemuñas, usar unha lingüaxe sinxela nas instrucións, ou da-las instrucións por escrito).

A aportación máis recente á complexidade foi o traballo de campo de Heuer e Penrod (1994) que abordaron, en primeiro lugar, a *operacionalización* obxectiva da complexidade. Ata este momento tomábase como definición de complexidade a categorización dos xuíces dos casos. Tras un exame dos elementos usados polos xuíces na definición dos casos pola súa complexidade atoparon tres elementos definitorios: complexidade da evidencia, cantidade de información e complexidade da lei. Ó facer referencia a este traballo analizaremos cada un deles por separado porque ben podería ser que os efectos fosen distintos segundo o tipo de complexidade en cuestión.

O primeiro dato de interese que se desprende deste estudo, que supón unha confirmación e extensión dos logros de Kalven e Zeisel, é que os desacordos entre xuíces e xurados non teñen como base a complexidade do caso, os procedementos do xuízo (tal como, resumo da evidencia ou comentarios dos xuíces) nin a súa interacción.

No que se refire á reestructuración de casos, o uso de formas especiais de veredicto, os xurados como individuos informan de grandes beneficios, especialmente cando se enfrontan a grandes cantidades de información (Heuer e Penrod, 1994), en tanto que a separación de causas debe estudiarse porque se demostrou que a decisión da primeira causa incide de forma significativa nos procesos deliberativos e decisión dos subseguintes casos (para unha discusión en maior profundidade véxase Tanford e Penrod, 1986).

Na reestructuración dos xurados, pola súa parte, xa se contestou suficientemente que carece de total validez unha selección social limitada por motivos de educación porque atentaría contra a representatividade social que debe presidi-la formación de xurados (véxase Sobral e Arce, 1990). Tal como xa comentamos, permitir que os xurados decidan de forma maioritaria provoca todo o contrario do perseguido, no sentido de que leva a discusións menos profundas (Hastie, Penrod e Pennington, 1983). Por outra parte, en certos países da Europa continental deuse por suposto que a "incompetencia" dos xurados se solucionaríase creando xurados de leigos e expertos. Anteriormente xa avaliámo-las decisións por xurados de escabinos.

Dentro das técnicas de manexo de casos, a formulación de preguntas e a toma de notas non alteran a pureza das decisións tomadas nin a racionalidade destas. Non embargante, a avaliación parece provocar efectos diferenciados, os beneficios da formulación de preguntas parecen claros xa que serven de axuda ós xurados, particularmente, en casos de evidencia complexa e complexidade legal. Pero cando a complexidade do caso vén definida pola cantidade de información e ós xurados

**(...) o xurado segue xeralmente os preceptos legais, dos que se aparta excepcionalmente nos que poderían etiquetarse como casos de "conciencia social".**

permiteselles que formulen preguntas, estes indican que se senten peor informados que cando non realizan preguntas. A toma de notas, que só afectaba á complexidade legal, presenta uns efectos un tanto dispares dunhas variables a outras. De feito, facilita ós xurados a comprensión da lei, e proporciona maior satisfacción coa defensa, dificultando a satisfacción dos xurados co labor realizado, e xera, nos xurados, unha sensación de desconfianza no que o veredicto emitido sexa correcto. Cambiando a variable dependente, Rosenhan, Eisner e Robinson (1994) informaron, trala presentación dun caso civil complexo a xurados individuais, que quen tomaba notas recordaba mellor a evidencia que os que non lles era permitido. Estes resultados, de maior potencia cós anteriores pola variable de medida empregada, parecen gozar dun forte apoio lóxico e dos achados noutras áreas de traballo. Agora ben, a súa validez no campo dos xurados é moi discutible, porque unha cousa é o recordo individual e outra moi distinta a deliberación grupal. De feito, Hastie (1982) atopou que as notas adoitaban crear verdadeira confusión na deliberación, a interrupción do proceso de deliberación e, ocasionalmente, introducíanse erros na discusión por referencia ás notas.

En síntese, a complexidade non é o motivo de desacordo entre xuíces e xurados, e esta pode atallarse, nalgúns casos, por medio de certas "reformas". Os diversos substratos da complexidade, fan que a súa solución non poida ser unívoca senón que está suxeita a fluctuacións contextuais. É necesario, polo tanto, un maior esforzo investigador para clarificar cales son as reformas necesarias e en que situacións son efectivas. Definidas estas reformas e as situacións nas que son efectivas, o uso de xurados é perfectamente válido.

### A través da análise das deliberacións de xurados observaron que, en comparación cos xurados unánimes, os maioritarios deliberaban menos tempo.

Valla o exemplo, está suficientemente demostrado que a complexidade resultante dunha linguaxe legal é perfectamente abordable, a través da tradución desta a unha linguaxe sinxela e comprensible.

## 2. Aportacións procesuais

### *Sobre o tamaño e a regra resolutoria.*

De entre as diversas variables que modulan as decisións dos leigos e que poderían, en certa medida, altera-la decisión, a literatura centrouse fundamentalmente na fenomenoloxía do xurado, é dicir, a regra de decisión e o tamaño do grupo.

Os xurados adoitan decidir por unanimidade, pero a maioría de dous tercios ou incluso a maioría simple, usáronse como métodos de decisión. Os inconvenientes dunha decisión unánime cifranse na cantidade de xuízos sen decisión final (na literatura coñécense como xurados colgados ou suspensos). Posteriormente volveremos sobre este punto. Pero, cabe preguntarse ¿cales son as consecuencias da regra decisoria na deliberación?. Hastie, Penrod e Pennington (1983) deron resposta a este inter-

rogante levando a cabo a investigación máis completa nesta temática. A través da análise das deliberacións máis completas de xurados observaron que, en comparación cos xurados unánimes, os maioritarios deliberaban menos tempo. A cuestión non se reduce a unha versión máis alongada da deliberación. A unanimidade

conducía a unha maior participación das minorías, a unha maior satisfacción dos xurados co veredicto final, e a unha avaliación máis profunda e minuciosa da evidencia e a lei. Polo tanto, o máis adecuado para chegar a unha decisión máis xusta, elaborada e de maior calidade é optar por unha regra decisoria unánime.

Noutras palabras, unha vez alcanzada a maioría necesaria, os argumentos da minoría, fose ou non correctos, non eran considerados pola maioría suficiente; ou o que é o mesmo, non procedían á integración. Resultados similares foron descubertos por Nemeth (1977), Saks e Hastie (1986), Nemeth (1986) Arce, Fariña, Vila e Real (1996a) e Vila (1996). Agora ben, a variación na regra de decisión non ten porque incidir dun modo significativo na decisión grupal (de Paúl, 1994).

Outra variable fenomenolóxica que se debe considerar é o tamaño do grupo. Non existe unha regra fixa, pero os países con máis tradición constitúen xurados de doce membros. Aínda que, recentemente se formulou a opción de reduci-lo número de xurados ata unha posición modal de seis membros. As argumentacións a favor fan fincapé, no aforo económico e social que trae consigo, e en que un xurado de doce non dá lugar a mellores decisións. As contra-argumentacións, pola súa parte, fan referencia a que un xurado debe representa-los diferentes estamentos da comunidade. Neste sentido e a modo de exemplo, un punto de vista

dunha minoría que representase o 10% da poboación cun xurado de 12 membros estaría representado como mínimo por unha persoa no 72% dos xurados, mentres que se os xurados fosen de 6 persoas esta probabilidade baixaría ó 47% (Zeisel, 1971). Unha mostra maior fai que a marxe de erro sexa menor; neste sentido, diferentes xurados de doce membros é máis probable que cheguen á mesma decisión que xurados de seis (Hans e Vidmar, 1986). Vila (1996) demostrou que esta consistencia non só afecta ó tamaño senón que interactúa coa regra de decisión, resultando a condición máis consistente o grupo de doce xurados rexidos pola unanimidade.

A polémica sobre o número exacto de xurados encamiñáranos a unha chea (para unha discusión detallada véxase Sobral e Arce, 1990). Tras establece-los parámetros da discusión, e en resumo, poderíamos sinalar que a maior número de xurados maior calidade e representatividade das decisións, pero tamén maiores custos e un maior número de xurados suspensos. Establece-lo número ideal que combine ambas posturas parece tarefa imposible. Agora ben, nos xurados compostos de poucos membros, a xustiza deixa unha boa marxe ó azar. Noutras palabras, a probabilidade de que a súa decisión descansa en información extralegal na vez de factores legais é maior.

### *Nulidade da decisión: os xurados suspensos.*

Se ben o fin último dos xurados é chegar a unha decisión grupal, xeralmente sobre o veredicto, en ocasións advertimos que o grupo é incapaz de alcanza-lo quorum mínimo esixido na regra de decisión. Nestes casos, o xurado declárase suspenso ou irresoluble. Este fallo do sistema supuxo unha seria preocupación para os lexisladores, un grave revés para a institución, uns custos excesivos para a sociedade que o sustenta. A resposta dos lexisladores pasou por lexislar regras de decisión que fosen menos esixentes de modo que se eliminase ou reducise este problema. Como consecuencia, en EEUU estipulouse a posibilidade de diminuí-lo tamaño do xurado co fin de reduci-la taxa de xurados indefinidos (Williams v. Florida, 1972; Apodaca v. Oregon, 1972), e, ademais, estableceuse que non era necesaria a unanimidade para alcanzar un veredicto xusto (Johnson v. Louisiana, 1972). En Inglaterra, pola súa parte, deuse paso a unha regra combinada para al-

### A unanimidade conducía a unha maior participación das minorías, a unha maior satisfacción dos xurados co veredicto final, e a unha avaliación máis profunda e minuciosa da evidencia e a lei.

gúns casos concretos, unanimidade seguida de maioría (p.e., 10 sobre 12), tras un certo tempo de discusión (Gisbert, 1990). O caso máis extremo deuse en España, onde se instaurou un xurado rexido por maioría cualificada (é dicir, maioría simple para a inocencia, e 7 de 9 para a culpabilidade) coa finalidade, segundo se expresa na exposición de motivos da lei, de eliminar os xurados suspensos ós que poderían conducirnos "minorías obstinadas" (Lei orgánica do tribunal do xurado, 1995). Non obstante, reconécese que a unanimidade é a regra máis adecuada e que, tralos inicios do xurado, ben podería chegarse a esta.

Pola súa parte, a investigación científica perfilou as variables fenomenolóxicas de definición do xurado que afectan directamente á irresolubilidade dos xurados. As variables críticas definidas son o tamaño do xurado e a regra da decisión.

En canto ó tamaño, desfrutamos de tres fontes de información ben diferenciadas: os estudos de arquivo; os estudos de simulación e os estudos de simulación

informática. Dos estudos de arquivo aportouse evidencia que sostén que a maior tamaño maior taxa de indefinición (Zeisel, 1971). Esta mesma tendencia atopouse en xurados simulados, aínda que as proporcións de indeterminación se disparan ata puntos insospitados (p.e., Padawer-Singer, Singer e Singer, 1977; Roper, 1980). No que se refire á cuantificación dos diversos tamaños,

Kerr e MacCoun (1985) observaron que a taxa de xurados suspensos medraba en relación ó tamaño, pero que as diferenzas non eran significativas entre os valores modais de xurados compostos por 6 e 12 persoas. Unha última fonte de información, as investigacións de si-

mulación informática, non describiron un efecto significativo do tamaño (p.e., Hastie, Penrod e Pennington, 1983). Se ben, os resultados presentan algúnha inconsistencia, non cabe ningúnha dúbida que a medida que aumenta o tamaño incrementase a taxa de xurados suspensos. Para dar sentido á inconsistencia só basta eliminarse na calidade das simulacións ou nos tamaños das faccións enfrontadas, que presentan unha relación directa coa indefinición (Kerr e MacCoun, 1985).

No referente á regra da decisión, Kalven e Zeisel (1966) atoparon que naquelas causas que se esixía quorum unánime para emitir veredicto, a porcentaxe de xurados suspensos era de 5,6%, cifra que diminuíu a 3,1% para os veredictos que só requirían unha maioría de 2/3. Do mesmo modo, Foss (1981) observou, nas xurisdiccións que permiten veredictos de maioría, un 45% menos de xurados suspensos que naquelas que requiren a unanimidade. En investigacións con xurados simulados, tamén se corroboraron estes mesmos resultados (p.e.,

Nemeth, 1977; Saks, 1977; Vila, 1996).

Tendo en conta que a medida que aumenta o número de xurados e se asenta a unanimidade como regra de decisión, facilítase a indefinición dos xurados, podería optarse por diminuí-lo tamaño e atenuar os requisitos da regra de decisión. Agora ben, esta postura levaría a decisións de peor calidade (p.e., Hastie, Penrod e Pennington, 1983) e máis

inconsistentes (p.e., Hans e Vidmar, 1986), como xa sinalamos. Nesta senda, a Corte Suprema de EEUU (Ballew v. Georgia, 1978), rectificando decisións anteriores, entendeu que os xurados máis pequenos é menos probable que alcancen decisións legalmente correctas, tamén é

menos probable que alenten deliberacións grupais efectivas, e, por último, é máis probable que alcancen veredictos de culpabilidade.

Unha variable esóxena ó xurado que contribúe a súa imprecisión é a complexidade do caso. Nesta liña, Kalven e Zeisel revelaron que mentres que en casos fáciles a taxa de xurados suspensos é do 2%, en casos complexos elevase ata un 10%. Sen embargo, a tendencia da minoría, proinocencia ou proculpabilidade, non está relacionada coa taxa de indefinición (Kalven e Zeisel, 1966; Hastie, Penrod e Pennington, 1983).

Un intento de reconducir as deliberacións dos xurados suspensos veu da man das instrucións xudiciais, tal como as *dynamite charge instructions* (Allen v. u.s., 1896), que tiñan por obxecto dar un novo impulso procesual co fin de amolda-lo xurado dunha situación de indeterminación a outra de resolución. Mediante estas, o xuíz solicita ós xurados que reexaminen os seus criterios de decisións e que se esforcen por conseguir un veredicto (Hastie, Penrod e Pennington, 1983; Kassin, Smith, e Tulloch, 1990). As instrucións xudiciais que pretenden que o Xurado supere unha situación

de "estancamento" para lograrlo quorum necesario, baséanse nunha presión cara ás minorías para que abandonen esa postura de obstinación (p.e., Kalven e Zeisel, 1966; Kassin, Smith, e Tulloch, 1990). Non obstante, os resultados empíricos non apoian que sexan sistematicamente as minorías as causantes da intransixencia (Novo, 1995). Xa se levantaron voces contra esta presión cara ás minorías de modo que, en certos estados e cortes federais de EEUU, se restrinxiron ou se prohibiron (Jensen, 1988). Non embargante, recentemente, a Corte Suprema de EEUU, no caso "Lowenfield v. Pehlp" (1988), non as considerou coercitivas e reafirmou o seu uso de

forma rutineira (Kassin, Smith, e Tulloch, 1990). Os resultados experimentais (Novo, 1995) apuntan que a intransixencia non é unha cuestión exclusiva das minorías senón que tamén pode aparecer ligada á opción de veredicto de inocencia. Neste sentido, a falta dun evento narrativo dos feitos de inocencia é a explicación máis plausible de porque, a maioría proinocencia recorre a mensaxes destructivas e carentes de contido. Pola contra, a culpabilidade require dunha historia coherente dos eventos, co cal dota de contidos as súas intervencións e recorre, en menor medida, a medios destructivos da mensaxe. Ademais, outras variables como o tamaño da facción minoritaria, as minorías activas ou a evidencia presentada, tamén poderían media-la intransixencia. Así pois, resulta máis adecuado xerar instrucións que se baseen na argumentación, relación veredicto-probas e evitación de mensaxes destructivas que en presiona-las minorías.

Outra referencia necesaria sobre o estado da literatura implica as análises de arquivo da lonxitude das deliberacións, por se estas fosen cercadas por unha decisión dos xuíces, de tal modo que impedisen unha resolución. Destas investigacións, Kalven e Zeisel (1966) concluíron que o xuíz permite o tempo suficiente de deliberación e que as causas da indefinición teñen que buscarse no xurado mesmo.

Non obstante, é moi escasa a investigación que dirixida a definir cales son as fontes da irresolubilidade e que, consecuentemente, estableza solucións a esta. Nesta dirección, Novo (1995) deseñou un estudo no que se buscaba, por unha parte, os estilos deliberativos subxacentes ás decisións unánimes e a xurados suspensos; e, por outra, os contidos das deliberacións, as percepcións da deliberación e as avaliacións das capacidades do moderador.

**As instrucións xudiciais que pretenden que o Xurado supere unha situación de "estancamento" para lograrlo quorum necesario, baséanse nunha presión cara ás minorías para que abandonen esa postura de obstinación.**

**Non obstante, os resultados empíricos non apoian que sexan sistematicamente as minorías as causantes da intransixencia (...)**

Dúas son as matizacións que merecen os xurados suspensos no estilo deliberativo. Primeiro, non se pode atribuí-la irresolubilidade a unha ineficacia orgánica do xurado. De feito, obsérvanse grandes esforzos en chegar a unha decisión consensuada: deliberacións máis longas, máis aseveracións e máis extensións. Non esquezamos que son as aseveracións e extensións os medios por excelencia de transmisión de información. Segundo, aínda que se observan intentos de transmisión de información, tamén podemos afirmar que, estilos deliberativos negativos, cernan a efectividade das mensaxes informativas. Neste sentido, as deliberacións de xurados suspensos caracterízanse por superposicións, desaprobacións, ordes, ou contestacións. Aínda é máis, púidose constatar como nos xurados suspensos se rompe o fluxo argumentativo necesario para producir procesos de cambio de veredicto. Noutras palabras, prodúcense intentos de influencia entre faccións, pero vense minguados na súa efectividade porque a outra facción non permite construír secuencias de eventos, debido ós continuados cortes provocados na deliberación.

Tamén se atopou esta mesma tendencia nos contidos da deliberación. Desta forma, maior número de intervencións dos xurados suspensos aparecen desligadas de feitos do xuízo, probas ou conexións legais. En termos operativos, son intervencións fatuas na resolución do conflito. Por outra parte, os xurados suspensos evidencian un

maior recurso a "suposicións de feitos" e "intención de veredicto". As suposicións de feitos xa se demostrou que son un recurso de xurados con deliberacións sesgadas (Arce, Fariña,

e Vila, 1994). En consecuencia, previsiblemente as suposicións de feitos non sexan argumentacións que faciliten a asimilación ou o cambio de veredicto, máis ben poden produci-lo efecto contrario, a reactivancia. A intención de veredicto, pola súa parte, xa foi definida como propia de xurados de menor calidade resolutoria (Hastie, Penrod e Pennington, 1983), e tam-pouco se significa polo seu valor argumentativo; do mesmo modo, tamén parece que pode xerar reactivancia. En suma, os xurados suspensos aparecen viciados, e en todo caso inefectivos, a nivel de estilo deliberativo e de contido das deliberacións. Contrariamente, os xurados resolubles oriéntanse a buscar unha relación veredicto - probas, e presentan as súas intervencións relacionadas con probas, feitos do xuízo e argumentacións legais. En resumo, seguen un criterio de integración de evidencia.

Unha última fonte da indecisión do xurado radica no rol desempeñado polo moderador. De feito, os moderadores dos xurados suspensos non dirixen o curso da deliberación cara ós contidos, isto é, probas, non corríxen os vicios destrutivos propios do estilo deliberativo dos xurados irresolubles, non presentan dotes de persuasión nin o seu status é tal dentro do grupo que lles permita impoñerse. Aínda é máis, percibíselos coma unha fonte negativa. En suma, os presidentes ou portavoces dos xurados suspensos non moderan.

A modo de intervención dúas son as aportacións que podemos considerar. Primeiro, instruí-los xurados antes da deliberación na non emisión de intervencións destructivas. Segundo, forma-lo moderador para que saiba conduci-la deliberación: o que se traduce en que controle as mensaxes des-

**A modo de intervención dúas son as aportacións que podemos considerar. Primeiro, instruí-los xurados antes da deliberación na non emisión de intervencións destructivas. Segundo, forma-lo moderador para que saiba conduci-la deliberación: (...)**

tructivas; que faga discorre-la deliberación sen referentes a probas, feitos do xuízo, conexións legais (especialmente, a relación veredicto - probas); e as argumentacións continuadas baseadas en suposicións de feitos ou ligadas á manifestación do veredicto.

*Modalidade de xurado.*

Dúas son as modalidades de xurados que espertan maiores paixóns: o sistema de xurado puro e o escabinado<sup>3</sup>. Mentres no primeiro caso o xurado formaríano única e exclusivamente leigos en dereito, no segundo introduciríanse técnicos (xuíces), sempre nunha proporción minoritaria, para que tomasen unha decisión en conxunto. Nun primeiro achegamento parece, cando menos, máis racional o xurado escabinado có puro, xa que os técnicos aportarían maiores coñecementos, experiencia, e un longo etcétera. Non obstante, unha lectura máis profunda, baseada na experimentación psicolóxica, fálanos non da irracionalidade do escabinado senón da súa inadecuación. É dicir, evidenciouse (p.e., Torrance, 1955; Kirchler e Davis, 1987) que as persoas de maior status, á hora de tomar decisións en grupo, desempeñan un papel preponderante que desequilibra a balanza. Polo tanto, é de esperar que sexan os xuíces profesionais quen, de feito, decidan, outorgando o papel de meros acompañantes ós leigos en dereito. A experiencia, o acceso ó sumario (é dicir, o posuír unha maior información), os coñecementos sobre leis e outros casos, etc., son elementos que permiten entrever que os leigos estarían en clara inferioridade fronte ós técnicos en dereito. Polo que se refire ó fluxo comunicativo, os leigos só poderían aportar elementos informativos (ou sexa, feitos do xuízo), cando os técnicos apoiarian as súas argumentacións en elementos xudiciais (*verbi gratia*, outros procesos, leis, etc.), contando, en consecuencia, cunha maior capacidade informativa. Baixo

estes considerandos, leváronse a cabo dous tipos de estudos. No primeiro, Palmer (1987) revelou que, nas mesmas condicións, mentres con xurados legos se producía un 65% de cambios no veredicto cara á inocencia, con escabinados os cambios tendían cara á culpabilidade (59%), e eran maioritariamente nas persoas leigas. Nos segundos, Arce e outros (Arce, Fariña e Novo, 1995; Arce, Fariña, Vila e Real, 1996b) demostraron que a decisión do xuíz sempre era adoptada polo grupo, que se producía obediencia (ou sexa, cambio de veredicto sen conversión), e difusión da responsabilidade na persoa do xuíz. Ademais, este procedemento supón que algúns xurados xeren unha imaxe negativa dos xuíces e a xustiza. En suma, este sistema non engade ningunha vantaxe, en canto decisión xudicial se refire, ás decisións de técnicos, é dicir, xuíces, e si certos inconvenientes. A análise das deliberacións evidenciou que os xuíces emitían a maioría das intervencións (63,6%), e que se valían de intervencións baseadas en "desconfirmacións" (48,15% do total de desconfirmacións eran emitidas polo xuíz), coas que, supostamente, se impoñen ós leigos.

Non obstante, o xurado puro supón unha división, tal como sinala Soriano (1985), non se deben separar veredicto e sentenza como se de dous compartimentos estancos se tratase. Esta fragmentación ten consecuencias na decisión; nesta dirección, Kaplan e Kupra (1986) atoparon que o control de condenas longas por parte doutras persoas pode aumentalas taxas de inocencia. Unha posible solución podería vir do que González-Cuellar (1993) denominou

<sup>3</sup> En España a nosa Constitución no seu artigo 125 ordena a implantación do xurado aínda que non especifica nada máis. En consecuencia, xerouse un grande debate sobre que modalidade implantar (un exemplo de xustificación dun xurado puro pode verse en Gisbert, 1990; mentres que un xurado escabinado foi defendido, entre outros, por Soriano, 1985).

xurado mixto: os leigos deciden sobre os feitos, e, subseguientemente en unión dos técnicos, sentencian. A nova situación española supón un paso intermedio no que os xurados responden a unha serie de preguntas que non só establecen a culpabilidade ou non do acusado senón tamén os diversos feitos. Desafortunadamente, non existe unha evidencia que nos permita avaliar ámbolos dous tipos de Xurado.

#### Referencias

- ALLEN vs. US., (1896). 164, US, 492.
- APODACA, COOPER and MADDEN, V. Oregon, (1972). 406 U.S.
- ARCE, R., FARIÑA, F., y NOVO, M. (1995). The Mixed or Escabinato Jury vs. The Lay Jury: A Critical Analysis. *Vth International Conference on Social Justice Research*, Reno.
- ARCE, R., FARIÑA, F., y VILA, C. (1994). Análisis de contenido en la interacción de jurados legos homogéneos. *Análisis y Modificación de Conducta*, 20 (74), 817-831.
- ARCE, R., FARIÑA, F., VILA, C., y REAL, S. (1996a). From Juror to Jury Memory of the Evidence. *Vth European Conference on Psychology and Law*, Siena.
- ARCE, R., FARIÑA, F., VILA, C., y REAL, S. (1996b). Empirical assessment of the escabinato jury system. *Psychology, Crime, and Law*, 2, 131-141.
- ARCE, R., SACAU, A., y FARIÑA, F. (1995). Estudio de pruebas no admisibles en la formación de juicios de jurados individuales. En E. GARRIDO, y C. HERRERO (comps.). *Psicología Política, Jurídica y Ambiental*. Salamanca: Eudema.
- BALDWIN, J., y McCONVILLE, M. (1979). *Jury Trials*. Londres: Oxford University Press.
- BALLEW v. GEORGIA, (1978). 435 U.S. 223.
- ELWOK, A., SALES, B. D., y ALFINI, J. J. (1977). Juridic decisions: In ignorance of the law or in light of it?. *Law and Human Behavior*, 1, 163-189.
- FÖSS, R. D. (1981). Interactions between jurors as a function of majority vs. unanimity decision rules. *Journal of Applied Psychology*, 7, 38-56.
- GISBERT, A. (1990). *El Futuro Tribunal Popular Español*. Barcelona: PPU.
- GONZÁLEZ-CUÉLLAR, N. (1993). El Desarrollo Legislativo del Jurado del Poder Judicial. en España. I *Encuentros de Psicología y Ley*, Ourense.
- HOROWITZ, I. A. (1985). The effect of jury nullification instructions on verdicts and jury functioning in criminal trials. *Law and Human Behavior*, 9, 25-36.
- HANS, V. P., y VIDMAR, N. (1986). *Judging the Jury*. Nova York: Plenum Press.
- HASTIE, R. (1982). An Empirical Evaluation of Five Methods of Instructing the Jury. *Informe presentado a la National Institute for Law Enforcement and Criminal Justice*, Washington, D.C.
- HASTIE, R., PENROD, S. D., y PENNINGTON, N. (1983). *Inside the Jury*. Cambridge, Mass.: Harvard University Press (trad. cast. *El Jurado en los Estados Unidos. Sus Intimidaciones*. Madrid: Civitas, 1986).
- HEUER, L. y PENROD, S. D. (1994). Trial complexity. A field investigation of its meaning and effects. *Law and Human Behavior*, 18 (1), 29-51.
- JENSEN, S. B. (1989). After Lowendfield: The Allen charge in the Ninth Circuit. *Golden Gate University Review*, 19 (75), 75-90.
- JOHNSON v. Louisiana, 406 U.S. 356 (1972).
- KALVEN, H., y ZEISEL, H. (1966). *The American Jury*. Boston: Little Brown.
- KAPLAN, M. F., y KUPRA, S. (1986). Severe penalties under the control of others can reduce guilt verdicts. *Law and Psychology Review*, 10, 1-18.
- KASSIN, S. M., SMITH, V. L., y TULLOCH, W. F. (1990). The dynamite charge: Effects on the perceptions and deliberation behaviour of mock jurors. *Law and Human Behaviour*, 6(14), 537-549.
- KERR, N. L., y MACCOUN, R. (1985). The effect of jury size and polling method on the process and product of jury deliberation. *Journal of Personality and Social Psychology*, 48, 349-363.
- KIRCHLER, E., y DAVIS, J. H. (1987). The influence of member status differences and task type on group consensus and member position change. *Journal of Personality and Social Psychology*, 51(1), 83-91.
- KIRST, R. W. (1982). The jury's historic domain in complex cases. *Washington Law Review*, 58, 1-38.
- KRAMER, G. P., KERR, N. L. y CARROLL, J. S. (1990). Pre-trial publicity, judicial remedies, and jury bias. *Law and Human Behavior*, 14(5) 409-438.
- LEY ORGÁNICA DEL TRIBUNAL DEL JURADO (1995). B.O.E., 122, 15001- 15021.
- LOH, W. D. (1981). Perspectives on psychology and law. *Journal of Applied Social Psychology*, 11, 314-355.
- LOWENFIELD v. Pehlp, (1988). 108, S.Ct. 546.
- MACCOUN, R. J., y KERR, N. L. (1988). Asymmetric influence in mock jury deliberation: Jurors' bias for leniency. *Journal of Personality and Social Psychology*, 54(1), 21-33.
- MYERS, M. A. (1979). Rule departures and making law: Juries and their verdicts. *Law and Society Review*, 13, 781-797.
- NEMETH, C. J. (1977). Interactions between juror as a function of majority vs. unanimity decision rules. *Journal of Applied Psychology*, 7, 38-56.
- NEMETH, C. J. (1986). Procesos de grupo y jurados: Los Estados Unidos y Francia. En S. MOSCOVICI (ed.). *Psicología Social*. I. Buenos Aires: Paidós.
- NOVO, M. (1995). *Análisis del Proceso de Deliberación de Jurados. El Caso de los Jurados Suspensos*. Memoria de Licenciatura, Universidad de Santiago.
- O'BARR, W. M., y LIND, E. A. (1981). Ethnography and experimentation: Partners in legal research. En B. D. SALES (ed.). *The Trial Process*. Nueva York: Plenum Press.
- PADAWER-SINGER, A. M., SINGER, A. N., y SINGER, R. L. S. (1977). An experimental study of twelve vs. six members juries under unanimous vs. nonunanimous decisions. En B. D. Sales (ed.). *Psychology in the Legal Process*. Jamaica: Spectrum Publications.
- PALMER, A. L. (1987). Modelos Matemáticos del Proceso de Decisión en *Jurados e Influencias de su Composición sobre el Veredicto*. Barcelona: Servicio de Publicaciones de la Universidad Autónoma de Barcelona.
- PAUL, P. de (1994). Análisis de la deliberación de jurados que varían en tamaño y regla de decisión. *Revista de Psicología Social*, 9(1), 19-29.
- ROPER, R. T. (1980). Jury size and verdict consistency: A line has to be drawn somewhere?. *Law and Society Review*, 14, 977-999. Rosenhan, D. L., Eisner, S. L., y Robinson, R. J. (1994). Notetaking can aid juror recall. *Law and Human Behavior*, 18(1), 53- 61.
- ROSS v. Bernhard, (1970). 369 U.S. 531.
- SAKS, M. J. (1977). *Jury Verdicts*. Lexington, Mass.: Heath.
- SAKS, M. J., y HASTIE, R. (1986). *Social Psychology in Court*. Nova York: Van Nostrand Reinhold.
- SCHMOLESKY, J. N., CUTLER, B. L., y PENROD, S. D., (1988). Presumption instructions and juror decision making. *Forensic Reports*, 1(2), 165-192.
- SKIDMORE v. Baltimore and Ohio, (1949). R. R., at 64.
- SOBRAL, J., y ARCE, R. (1990). *La Psicología Social en la Sala de Justicia. El Jurado y el Testimonio*. Barcelona: Paidós.
- SORIANO, R. (1985). *El Nuevo Jurado Español*. Barcelona: Ariel.
- TANFORD, S. y PENROD, S. (1986). Jury deliberations: Discussion content and influence processes in jury decision making. *Journal of Applied Social Psychology*, 16(4), 322-347 (trad. cast.: Las deliberaciones del jurado: Contenido de la discusión y procesos de influencia en la toma de decisiones del jurado. *Estudios de Psicología*, 42, 75-97, 1990).
- THOMPSON, W. C., FONG, G. T., y ROSENHAN, D. L. (1981). Inadmissible evidence and juror verdicts. *Journal of Personality and Social Psychology*, 40(3), 453-463.
- TORRANCE, E. P. (1955). Some consequences of power difference on decision making in permanent and temporary three-man groups. En A. P. HARE, E. F. BORGATTA, y R. E. BALES (eds.). *Small Groups: Studies in Social Interaction*. Nueva York: Knopf.
- VILA, C. (1996). *Formación de Juicios en Jurados Legos e Incidencia de Variables Fenomenológicas en la Deliberación de Jurados Legos*. Tesis Doctoral, Universidad de Santiago.
- WALTER, B. (1987). When do Jurors Make up Their Minds?. Manuscrito presentado al the *Law and Society Meeting*, Washington, D.C.
- WILLIAMS vs. Florida, (1970). *United States Reports*, 399, 78-145.
- ZEISEL, H. (1971). ... And then there were none: The diminution of federal jury. *University of Chicago Law Review*, 35, 228-241.